

Número de expediente:2019/TRIBUNAL/000014

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE OITO PRAZAS DE OPERARIO/A INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017, PARA O DESENVOLVEMENTO MATERIAL DO PRIMEIRO EXERCICIO, CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DUN CUESTIONARIO TIPO TEST.

Consonte á base 8ª das xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo sinalado no asunto, publicadas no BOP núm. 10 do 15 de xaneiro de 2019, o tribunal cualificador, por medio da súa Presidenta, poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Dado o grande número de persoas admitidas no proceso selectivo e para un mellor desenvolvemento na realización do primeiro exercicio, tipo test, o tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración no desenvolvemento deste exercicio.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de persoal auxiliar para o primeiro exercicio, tipo test, ao seguinte persoal municipal:

- Dona María Elvira Castellano Soto, persoal subalterno do Servizo de Secretaría e Servizos Xerais.
- Dona María Soledad Outeda Eirín, persoal subalterno da Unidade Operativa de Conserxería.
- Don José Antonio Álvarez Vilariño, persoal subalterno da Unidade Operativa de Conserxería.
- Dona Susana Ortigueira Folgar, administrativa xefa de negociado do Gabinete da Alcaldía.

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o dispón a concelleira responsable da Área de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.